

# II Concurso Fotográfico Christina Snellman «VIÑA SACRA»

 ASOCIACIÓN AMIGOS DE MANUEL JORGE DE CHANTADA · JUEVES, 20 DE SEPTIEMBRE DE 2018 

## BASES [galego]

A Asociación Amigos de Manuel Jorge de Chantada convoca o II Concurso Fotográfico Christina Snellman adicado nesta ocasión ó mundo da **viticultura na Ribeira Sacra**. O concurso recibe o nome de «VIÑA SACRA», seguindo a pauta da primeira edición, adicado á arquitectura románica e denominado «PEDRA SACRA».

O obxectivo do concurso é amosar o mundo da viticultura en toda a súa dimensión a traveso da mirada dos artistas participantes. É ademais unha homenaxe en lembranza de Christina Snellman, compañeira do pintor chantadino, promotor do concurso.

## TEMÁTICA

A temática das fotografías é a **viticultura e a elaboración do viño** dentro do territorio que se atopa incluído na Denominación de Orixe Ribeira Sacra. Isto inclúe os coidados do viñado nas diferentes etapas do ano, a vendima e o proceso de elaboración do viño amosados cunha mirada etnográfica, paisaxística, cultural, etcétera.

## PARTICIPANTES

Está aberto a tódalas persoas interesadas no tema, sexan afeccionadas ou profesionais da fotografía, de calquera país e **maiores de 16 anos** (os menores de 18 anos presentarán a correspondente autorización materna ou paterna para participar).

Establécese unha **categoría escolar**, na que poderán participar centros educativos de Primaria e Secundaria. Neste caso, a inscrición será por aula ou por centro e deberá formalizar a inscrición o profesor encargado do aula e máis a dirección do centro, se ben as obras deberán estar realizadas polo alumnado.


## FOTOS

Cada participante individual poderá presentar un **máximo de DÚAS fotografías en cor ou branco e negro**, podendo acceder soamente a un premio. Os **centros educativos** poden presentar un máximo de **CATRO fotografías** por categoría (Primaria e Secundaria) podendo acceder so a un premio en cada unha delas.

As fotos non poderán ter sido premiadas noutros concursos. As persoas participantes responsabilizaranse de calquera reclamación que poda xurdir de propiedade intelectual ou dos dereitos de imaxe das persoas que aparecen na fotografía. Confíase na honorabilidade dos participantes á hora de cumprir estes requisitos.

O autor ou autora é libre de realizar as fotografías como desexa, **respectando sempre o entorno natural** e non forzando unha intervención para a imaxe. Valorarase a creatividade e calidade técnica pero non se aceptarán colaxes, montaxes, fotografías pintadas nin excesivamente manipuladas, o cal será valorado pola organización do concurso.

As fotografías deberán estar tomadas no **territorio incluído na Denominación de Orixe Ribeira Sacra** aportando a referencia XPS do lugar onde foi tomada. Non se admitirán imaxes nas que se identifiquen marcas de viño, nomes de adegas ou outras empresas e distintivos comerciais, a non ser que teñan un valor etnográfico ou histórico o cal será valorado polo xurado.



## TAMAÑO E PRESENTACIÓN

As fotografías presentaránse impresas en papel fotográfico mate de calidade profesional cun tamaño máximo de entre 40 e 24 cm polo seu lado maior. Presentaránse montadas sobre un soporte ríxido ou paspartú (máximo 2 mm de grosor) de 40 x 50 cm e de cor branco.

As imaxes estarán identificadas cun pseudónimo e título escrito ou pegado na parte traseira do paspartú. No caso de presentar dúas fotografías, empregarase o mesmo pseudónimo. Os centros educativos terán tamén un pseudónimo, o mesmo para tódalas obras que presenten aínda que sexan de categorías diferentes.

## PLICAS

Xunto coas fotografías presentarase un sobre pechado co nome da foto ou fotos presentadas e o pseudónimo escrito no frontal e que incluírá dentro:

- Datos persoais do autor ou autora: nome, apelidos, NIF, enderezo, teléfono, correo electrónico e pseudónimo utilizado.

- Na categoría escolar incluíranse os datos do centro: nome, CIF, enderezo, teléfono, correo electrónico e máis o nome do profesor de contacto, xunto cunha autorización ad dirección do centro para participar no concurso. Tamén o nome e apelidos do alumno ou alumna que realizou cada fotografía, a súa idade e curso.
- Descrición de cada fotografía: título, localización XPS, datos EXIF se os houberae un comentario breve sobre a obra (motivación, intención, o que expresa...)
- Deberase incluír tamén un CD ou pen drive coas fotos presentadas en formato JPG ou TIFF á máxima calidade.

Este sobre cos datos de autoría e da obra abrirase tralo faio do xurado. No caso de que unha obra sexa premiada e o abrir o sobre non se atopen os datos e elementos requiridos, quedará descalificada.

## **PRAZO**

O prazo para a presentación das fotografías será dende a inmediata publicación destas bases **ata o luns, 14 de xaneiro do 2019**, na sede de Airoá Comunicación: Rúa Taboada, 1, baixo, 27500, Chantada (Lugo). Calquera cambio no lugar de depósito será comunicado a traveso das redes sociais e medios de comunicación. Recoméndase chamar por teléfono antes de acudir a depositar unha obra para garantir a presenza de persoal na sede: 637 558 979. Recoméndase chamar por teléfono antes de acudir a depositar unha obra para garantir a presenza de persoal na sede: 637 558 979.

## **PREMIOS**

### **CATEGORÍA XERAL**

- 1º Premio: 1.000,00 €
- 2º Premio: 400,00 €
- Accésit I : 100,00 €
- Accésit II : 100,00 €

### **CATEGORÍA ESCOLAR**

- Premio ó mellor Centro de Secundaria (CPI, IES ou FP): 600,00 €
- Premio ó mellor Centro de Primaria (CPI e CEIP): 600,00 €
- Accésit Centro Secundaria : 100,00 €
- Accésit Centro primaria : 100,00 €

*\*Os premios da categoría escolar entregaranse en forma de vale ou crédito para a adquisición de material tecnolóxico ou artístico no estabrecimiento da súa elección.*

## **XURADO**

O xurado estará formado por persoas cualificadas e con sensibilidade artística vinculadas ó mundo da fotografía, das artes e do viño. O secretario da Asociación Amigos de Manuel Jorge de Chantada exercerá de secretario, non tendo dereito a voto e levantando acta tralo faio. A organización comunicará a resolución ós premiados por teléfono ou correo electrónico.

## **EXPOSICIÓN E CATÁLOGO**

As fotografías premiadas, xunto con outras seleccionadas, formarán parte dunha exposición itinerante que será inaugurada en Chantada durante o 2019 e que podería prolongarse durante varios meses. Na inauguración da exposición presentarase un catálogo coas fotografías premiadas e seleccionadas. Ao pé de cada fotografía do catálogo figurará o autor ou autora, o título, onde se tomou a fotografía, os datos EXIF e o comentario sobre a foto proporcionado polo autor. A Asociación resérvase o dereito de modificar os textos ou incluír outros no catálogo. A publicación do catálogo e a itinerancia da exposición estará condicionada á dispoñibilidade de financiación e apoios.

## **OBSERVACIÓNS**

A participación no concurso implica a plena aceptación das bases e non se admitirá ningún recurso ou apelación trala resolución. Se con posterioridade á concesión dos premios se tivese coñecemento de anomalía ou incumprimento das bases, procederase á revogación do mesmo, recorrendo a calquera forma adecuada dentro do ordenamento xurídico. Se as obras presentadas non acadasen a calidade necesaria, a criterio do xurado e por unanimidade, os premios poderán ser declarados desertos.

A organización non ten porque xustificar o resultado do faio nin que obras quedan descalificadas e por que motivos. Por cortesía, resérvase o dereito de informar ós autores se as súas fotos quedan fóra de concurso por algún dos motivos anteriormente citados. Trataranse as obras recibidas co máximo coidado, declinando toda responsabilidade no seu extravío ou posibles danos.

## **USO DAS IMAXES**

A Asociación Amigos de Manuel Jorge de Chantada terá o dereito de reprodución das fotos premiadas, sempre nomeando ao seu autor ou autora e que poderá usar libremente e sen compensación económica. Se o considera oportuno, tamén poderá cedelas ás asociacións e administracións colaboradoras no concurso, sen ánimo de lucro e coa finalidade de impulsar a promoción da Ribeira Sacra. As fotografías seleccionadas para o catálogo e a exposición poderán ser empregadas baixo as mesmas condicións por un máximo de dous anos desde o remate da exposición.

## **DEVOLUCIÓNS**

Non se devolverá nada das fotografías premiadas. As seleccionadas para o catálogo e máis a exposición poderanse retirar cando se rematen de expoñer, como máximo, a finais de 2019. O resto das fotos poderanse retirar no lugar de entrega chamando antes ao teléfono de contacto para asegurar a presenza de persoal. A petición do autor ou autora pódense devolver por

correo a contrarrembolso. Establécese un prazo de 60 días a partir da clausura da exposición para a súa retirada. Transcorrido este tempo entenderase que os autores ou autoras renuncian a calquera dereito sobre as fotos presentadas.

## DATOS PERSONAIS

Este concurso está convocado pola Asociación Amigos de Manuel Jorge de Chantada con CIF G-27493220 e sede en Avenida de Monforte 43, Chantada (Lugo) 27500. A dirección de correo electrónico é: manueljorgechantada@gmail.com.

Os datos personais das persoas participantes serán empregados pola Asociación coa única finalidade de comunicarlles a resolución adoptada e informalos dos detalles relativos á exposición, edición do catálogo e/ou recollida das fotos. Serán avisados no caso de ser incorporados a unha base de datos para recibir información desta e doutras actividades da Asociación sempre e cando así o consintan.



## **BASES** *[castellano]*

La Asociación Amigos de Manuel Jorge de Chantada convoca el II Concurso Fotográfico Christina Snellman dedicado en esta ocasión al mundo de la **viticultura en la Ribeira Sacra**. El concurso recibe el nombre de «VIÑA SACRA», siguiendo la pauta de la primera edición, dedicada a la arquitectura románica y denominada «PEDRA SACRA».

El objetivo del concurso es mostrar el mundo de la viticultura en toda su dimensión a través de la mirada de los artistas participantes. Es además un homenaje en recuerdo de Christina Snellman, compañera del pintor y arquitecto chantadino, promotor del concurso.

## **TEMÁTICA**

La temática de las fotografías es **la viticultura y la elaboración del vino** dentro del territorio que se encuentra incluido en la Denominación de Origen Ribeira Sacra. Esto

incluye los cuidados del viñedo en las diferentes etapas del año, la vendimia y el proceso de elaboración del vino mostrados con una mirada etnográfica, paisajística, cultural, etc.

## **PARTICIPANTES**

Está abierto a todas las personas interesadas en el tema, sean aficionados o profesionales de la fotografía, de cualquier país y **mayores de 16 años** (los menores de 18 años presentarán la correspondiente autorización materna o paterna para participar).

Se establece una **categoría escolar**, en la que podrán participar centros educativos de Primaria e Secundaria. En este caso, la inscripción será por aula o por centro y deberá formalizar la inscripción el profesor encargado del aula y la dirección del centro, si bien las obras deberán estar realizadas por el alumnado.


## **FOTOS**

Cada participante individual podrá presentar un **máximo de DOS fotografías en color o en blanco y negro**, pudiendo acceder solamente a un premio. Los **centros educativos** pueden presentar hasta **CUATRO fotografías** por categoría (Primaria y Secundaria) pudiendo acceder solo a un premio en cada una de ellas.

Las fotos no podrán haber sido premiadas en otros concursos. Los y las participantes se responsabilizarán de cualquier reclamación que pueda surgir de propiedad intelectual o relacionada con los derechos de imagen de las personas que aparezcan en la fotografía. Se confía en la honorabilidad de los participantes a la hora de cumplir estos requisitos.

El autor o autora es libre de realizar las fotografías como desee, **respetando siempre el entorno natural** y no forzando una intervención para la imagen. Se valorará la creatividad y calidad técnica pero no se aceptarán collages, montajes, fotografías pintadas ni excesivamente manipuladas, lo cual será valorado por la organización del concurso.

Las fotografías deberán estar tomadas en el **territorio incluido en la Denominación de Origen Ribeira Sacra** aportando la referencia GPS del lugar donde fue tomada. No se admitirán imágenes en las que se identifiquen marcas de vino, nombres de bodegas u otras empresas y distintivos comerciales, a no ser que tengan un valor etnográfico o histórico, lo cual será valorado por el jurado.



## TAMAÑO Y PRESENTACIÓN

Las fotografías se presentarán impresas en papel fotográfico mate de calidad profesional con un tamaño máximo de entre 40 y 24 cm por su lado mayor. Se presentarán montadas sobre un soporte rígido o paspartú (máximo 2 mm de grosor) de 40 x 50 cm y de color blanco.

Las imaxes estarán identificadas con un pseudónimo y título escrito o pegado en la parte trasera del paspartú. En el caso de presentar dos fotografías, se utilizará el mismo pseudónimo. Los centros educativos tendrán también un pseudónimo, el mismo para todas las obras que presenten, aunque sean de categorías diferentes.

## PLICAS

Junto con las fotografías se presentará un sobre cerrado con el nombre de la foto o fotos presentadas y el pseudónimo escrito no frontal. Dentro incluirá:

- Datos personales del autor o autora: nombre, apellidos, NIF, dirección, teléfono, correo electrónico y pseudónimo utilizado.
- En la categoría escolar se incluirán los datos del centro: nombre, CIF, dirección, teléfono, correo electrónico y el nombre del profesor de contacto junto con una autorización de la dirección para participar en el concurso. También se incluirá el nombre y apellidos del alumno o alumno que realizó cada fotografía, su edad y curso.
- Descripción de cada fotografía: título, localización con GPS, datos EXIF si los hubiera y un comentario breve sobre la obra (motivación, intención, lo que expresa...)
- Se deberá incluir también un CD o pen drive con las fotos presentadas en formato JPG o TIFF a su máxima calidad.

Este sobre con los datos de autoría y de la obra se abrirá tras el fallo del jurado. En el caso de que una obra sea premiada y al abrir el sobre no se encuentre lo requerido, será descalificada.

## **PRAZO**

El plazo para la presentación de las fotografías será desde la inmediata publicación de estas bases **hasta el luns, 14 de enero do 2019**, en la sede de Airoá Comunicación: R/ Taboada 1, baixo, 27500, Chantada (Lugo). Contacto: 637 558 979 / manueljorgechantada@gmail.com. Cualquier cambio en el lugar de depósito será comunicado a través de las redes sociales y los medios de comunicación. Se recomienda llamar por teléfono antes de acudir a depositar una obra para garantizar la presencia de personal en la sede.

## **PREMIOS**

### **CATEGORÍA GENERAL**

- 1º Premio: 1.000,00 €
- 2º Premio: 400,00 €
- Accésit I : 100,00 €
- Accésit II : 100,00 €

### **CATEGORÍA ESCOLAR\***

- Premio a la mejor foto de Centro de Secundaria (CPI, IES ou FP): 600,00 €
- Premio a la mejor foto de Centro de Primaria (CPI e CEIP): 600,00 €
- Accésit Centro Secundaria : 100,00 €
- Accésit Centro primaria : 100,00 €

*\*Los premios de la categoría escolar se entregarán en forma de vale o crédito para la adquisición de material tecnológico o artístico en el establecimiento de su elección.*

## **JURADO**

El jurado estará formado por personas cualificadas y con sensibilidad artística vinculadas al mundo de la fotografía, las artes y el vino. El secretario de la Asociación Amigos de Manuel Jorge de Chantada ejercerá de secretario, sin derecho a voto y levantando acta tras el fallo. La organización comunicará la resolución a los premiados por teléfono o correo electrónico.

## **EXPOSICIÓN E CATÁLOGO**

Las fotografías premiadas, junto con otras seleccionadas, formarán parte de una exposición itinerante que será inaugurada en Chantada durante el 2019 y que podría prolongarse durante varios meses. En la inauguración de la exposición se presentará un catálogo con las fotografías premiadas y seleccionadas. Al pie de cada fotografía del catálogo figurará el autor o autora, el título, donde fue tomada la fotografía, los datos EXIF y el comentario sobre la foto proporcionado por el autor. La Asociación se reserva el derecho de modificar los textos o incluir otros en el catálogo. La publicación del catálogo y la itinerancia de la exposición estará condicionada a la disponibilidad de financiación y apoyos.



## **OBSERVACIONES**

La participación en el concurso implica la plena aceptación de las bases y no se admitirá ningún recurso o apelación tras la resolución. Si con posterioridad a la concesión de los premios se tuviese conocimiento de anomalía o incumplimiento de las bases, se procederá a la revocación del mismo, recurriendo a cualquier forma adecuada dentro del ordenamiento jurídico. Si las obras presentadas no alcanzasen la calidad necesaria, a criterio del jurado y por unanimidad, los premios podrán ser declarados desiertos.

La organización no tiene que justificar el resultado del fallo ni que obras quedan descalificadas ni por que motivos. Por cortesía, se reserva el derecho de informar a los autores si sus fotos quedan fuera de concurso por los motivos anteriormente citados. Se tratará las obras recibidas con el máximo cuidado, declinando toda responsabilidad en el extravío o posibles daños.

## **USO DE LAS IMÁGENES**

La Asociación Amigos de Manuel Jorge de Chantada tendrá el derecho de reproducción de las fotos premiadas, siempre nombrando a su autor o autora y las cuales podrá usar libremente y sin compensación económica. Si lo considera oportuno, también podrá cederlas a las asociaciones y administraciones colaboradoras en el concurso, sin ánimo de lucro y con la finalidad de impulsar la promoción de la Ribeira Sacra. Las fotografías seleccionadas para el catálogo y la exposición podrán ser utilizadas bajo las mismas condiciones por un máximo de dos años desde el final de la exposición.

## **DEVOLUCIONES**

No se devolverá nada de las fotografías premiadas. Las seleccionadas para el catálogo y para la exposición podrán retirarse cuando se termine su exhibición, como máximo, a finales de 2019. El resto de las fotos se podrán retirar en el lugar de entrega llamando antes al teléfono de contacto para asegurar la presencia de personal. A petición del autor o autora se podrán devolver por correo a contrarrembolso. Se establece un plazo de 60 días a partir de la clausura de la exposición para su retirada. Transcurrido este tiempo se entenderá que los autores o autoras renuncian a cualquier derecho sobre las fotos presentadas.

## **DATOS PERSONALES**

Este concurso está convocado por la Asociación Amigos de Manuel Jorge de Chantada con CIF G-27493220 y sede en la Avenida de Monforte 43, Chantada (Lugo) 27500. La dirección de correo electrónico es: manueljorgechantada@gmail.com

Los datos personales de las personas participantes serán empleados por la Asociación con la única finalidad de comunicarles la resolución adoptada e informarlos de los detalles relativos a la exposición, la edición del catálogo y/o la devolución de las fotos. Serán avisados en caso de ser incorporados a una base de datos para recibir información de esta u otras actividades de la Asociación siempre y cuando así lo consientan.